

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dez de setembro de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras, D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Mauricio Victorio Repetto Morbán, e asisten á sesión a Secretaria Xeral do Pleno en substitución do vicesecretario accidental, dona Ana María Rivas García, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a delegación de competencias na Tenenta de Alcalde -Delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude para a resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos en relación coa contratación das obras de abastecemento de auga na Parroquia de Pías (segunda fase). Ppos 2024. exp. ref. 2025/C002/000005 e da rede de saneamento no núcleo de Saamasas Ppos 2024. Exp. ref. 2025/C002/000007.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación polo procedemento aberto na contratación do servizo de execución de actuacións de rehabilitación, reposición e subministracións en espazos públicos do Concello de Lugo. apertura do procedemento de adxudicación. contrato reservado a centro especial de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción exp. ref. 2025/C003/000044.

2. PERSOAL.- Acórdase a convocatoria de concurso para a provisión de varios postos de traballo no Excmo. Concello de Lugo de xefe/a de grupo.

Acórdase o incremento retributivo do 0,5 por cento vinculado á evolución del

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac381015407737230860.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10-9-2025

IPCA previsto no artigo 6.2 do Real Decreto-lei 4/2024, de 26 de xuño, con efectos do 1 de xaneiro do 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVICIOS PARA A VECIÑANZA

3. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase a axudicación de autorizacións para venda no Mercado de Frigsa 2025. altas en posto vacante.

Fóra da orde do día

- Contrato administrativo do servizo de elaboración e distribución de desayuno e comida así como atención e apoio durante dito servizo levados a cabo pola Concellería de Educación nos CEIPS de Lugo. Exp. ref.: 2025/C003/000021. Modificación do contrato.

- Contrato baseado no acordo marco para a subministración de electricidade en alta e baixa tensión trala adhesión á central de contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP). 2024/C004/000024 (número de expediente plataforma tecnolóxica da contratación da FEMP: 2024/001096. Prórroga.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Dinamización Económica e Relación Institucionais e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Mauricio Victorio Repetto Morbán.